
VIEIROS



EDICIÓNS
A NOSA TERRA

O último organizador colectivo.

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Estás tocando galego como decisión de sermos independentes, criativos e esplendorosos. Tocas a revista "Vieiros" inteira, catro números, e con ela Galiza liberada de servidumes éticas.

Fora a xeración dos Mártires de Carral, editores, no 1845, de "El Porvenir" quen proclamou a emancipación das formas contra as oligarquias literárias que impostan o gosto, a norma, o talento, a autocensura. Eles quixeron eclecticismo nos princípios —"Abajo las reglas", "Escuelas y maestros"— porque tiñan un obxectivo estricto: todo para Galiza, o lema que aparece nesa publicación e que será santo e seña para todas as cabeceiras galeguistas do XIX. Tamén "Vieiros" se proclama ecléctica. Agás na comprensión do direito á autodeterminación e en non admitir ideas antiproletárias —entendendo á clase obreira como protagonista que ao conquerir a sua libertade trae condicións de libertade para todas as clases sociais— e por iso "Vieiros" dispuxo recoller nas suas páxinas "calquera idea literária, artística, filosófica, sempre que fose antifascista e non se apoiase na ditadura"(*).

A saída de "El Porvenir" significou a creba co pre-existente, a acción escrita complexa e ricaz que traduz contradicións coa función colonial da Galiza e que ancha o ronsel seu deica a expresión persoal, e foi avangarda, asemade, por usar de forma novedosa e con novos códigos os materiais, entre os cais a ideoloxia, por iso a sua publicación foi a mellor, por iso a partires deles o galeguismo tivo referentes e ten en cadansua época meios de comunicación que son exemplo de contemporaneidade. Nos insustíbeis 60 o exemplo éo a revista "Vieiros". Con "El Porvenir" e "Vieiros" asistimos ao comén e á fin das publicacións galegas de grupo que se orixinan sob o albo

(*)V. Soto, Luis.- "Castelao, a UPG e outras memórias". Xerais, Vigo, 1983.
Luis Soto Fernández fundou e dirixiu con Carlos Velo a revista "Vieiros". Uníronme a Soto anos de militáncia, chamadas, correspondéncia, visitas México-Porto, durante o meu exílio e como responsábel da organización do exterior da UPG. Uniume amistade, uníronme afectos e o verán denantes do seu pasamento Soto tróuxome en agasallo unha colección de "Vieiros".

de servir de organizador colectivo, tal e como Lenin definira á prensa militante, para atraer, para informar e para construir un núcleo de afectos do que ha xermolar o ideário e a programación política comun. A posta de luxo, unívoca, interactiva, cuxa liña de risco pasa sempre pola represión e polo tempo fuxidio en que as nosas cousas acontecen e se encrequenan entre si. Por iso é tan importante agarrar a sua memória.

Refuxiados no México, opoñentes que cren na unidade entre experiéncia máis conciéncia, entre atitude e tamén opinión como parte da idea transformadora do real, un grupo de galegos republicáns resposta ao cese das suas transmisións radiofónicas cunha labazada precisa e altiva: o artellamento dunha revista interdisciplinária —da Ciéncia e a Literatura, compria recalcar— de autores —de letra e de imaxes, compria remachar—, con director artístico —Arturo Souto—, plural no texto e cun perfil editorial fincando na pedra, no buxo, nos metais para que os obxectivos de base fosen xa guieiro e todos souberan que tocaban unha revista galega de nación. Conformábase pois con "Vieiros" unha pequena xoia para o que pudera vir a ser a libertade de palabra dentro do campo amigo e o combate a manipuladores, oportunistas e furafollas dispostos ao crime paixonal.

Respostou asi "Vieiros" aos parámetros que os devanceiros foran asentando para a prensa galega de calquer tipoloxia: antilocalismo, por entendelo contrário á idea nacional; anti- imperialismo; réplica ao auto-ódio; coñecimento para a transformación; intención crítica; seducción sen recato a prol da Galiza soberana e reasume, "Vieiros" singularmente, as propostas de solidariedade criativa do Seminário de Estudos Galegos, do S.E.G., —co fondo incautado desde a guerra civil e ainda sen retorno ao património noso poisque o que hai no Padre Sarmiento é só história e máis arqueoloxia—, da Xeneración Nós, dos inovadores do primeiro tércio de século presentes nas suas

páxinas, como Carlos Maside, e consegue pasar do ámeto "literário " ao cultural, através da intervención sobranceira dos criadores plásticos e dos mecenas económicos. Se tivermos que vencellar "Vieiros" cunha publicación na fase republicana achegariamos con lecer a unha pioneira, "Galiza", editada en Mondoñedo entre o 1930 e o 1932, da que tamén apareceron catro números. Seguro que editar "Galiza" en Mondoñedo foi meirande milagre que combater as invasións normandas a golpes de águas de abenzoar, como fixera Santo Bento que era bispo. Intransixentemente monolíngüe, "Galiza" apresentábasenos asi: "É casa aberta a todos e a todo. Teimamos que nada do noso Tempo e Terra nos seña alleo". Fixádevos nesta idea de Tempo e de Terra/de Terra e de Tempo, de pátria e situación no concreto histórico máis tendéncias, e teremos outro dos sinais que distinguen a esta grande branca dos meios de grupo galegos máis identificábeis e menos manipuladores.

O específico da forma como elemento da mensaxe, a capacidade da forma para modelar atitudes ópticas e para intervir na cultura visual dun território amais das suas implicacións axitativas e sígnicas, e que na forma se unifica un universo de símbolos que nos representan porque asi o quixemos como colectivo non vencido, é outra das características de "Vieiros". Como todo o ben feito o seu efecto multiplicador lue cadanseu eido de maneira diversa, e porque era "luxosa" segundo os códigos incivís, no servício estatal de correos non bloquearon a sua distribución. E porque era bonita, e de tantos, ao collela sentíamonos afoutos, povo iniciado na conspiración, no celme doce da conspiración, nese tic, como natural, de pasárllela polos fuciños ao enemigo.

De todo corazón para todos os que fixeron "Vieiros", saude e que cante o melro.■

MARGARITA LEDO ANDIÓN